

1 A organización política de España

1.1. O sistema político español

España ten un sistema político democrático, cuxa lei fundamental é a Constitución de 1978.

Nesta constitución establécense os símbolos que diferencian a España dos demais estados da Terra, como a bandeira.

Recóllense os dereitos fundamentais da cidadanía, como o dereito á vida; a igualdade ante a lei; a liberdade de expresión, asociación e reunión; o dereito de propiedade, etc.

E regulámntase a organización política do Estado o o funcionamento das súas institucións.

O Estado español é social, porque priman os intereses sociais sobre os individuais; **democrático**, porque garante a participación política da cidadanía e o pluralismo político; e **de dereito**, porque o poder do Estado e do Goberno están limitados polas leis.

A soberanía reside no pobo español, que a delega en representantes elixidos por sufraxio universal, directo e secreto entre diversos partidos políticos.

1.2 As institucións españolas

En España, os poderes do Estado repártense entre distintas institucións:

■ As **Cortes Xerais** desempeñan o poder lexislativo. Están formadas por dúas cámaras, Congreso e Senado, elixidas cada catro anos por sufraxio universal.


O **Congreso dos Deputados** representa o pobo español, elabora as leis, aproba os presupostos do Estado e controla o Goberno. O **Senado** participa no desenvolvemento autonómico, propón emendas ás leis, controla o Goberno e ratifica ou non os acordos internacionais.

■ O **Goberno** desempeña o poder executivo. Componse do presidente, un ou máis vicepresidentes e varios ministros ou ministras. As súas funcións son executar as leis, dirixir a política e defender o Estado.

■ Os **tribunais de xustiza** exercen o poder xudicial. Están formados por maxistrados e xuíces independentes, que velan polo cumprimento das leis.

As institucións

Congreso dos Deputados



Presidencia de Gobierno




Tribunal Constitucional



14: Igualdad ante la ley / sin discriminación por nacimiento...
 15: Derecho a vida (sin tortura u/o trato degradante)
 16: Libertad de ideología e religioso
 17: Derecho a intimidad

O sistema parlamentario español



43.4. Derecho a protección de la salud (medidas preventivas)
 45.4. Derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona
 47. " a disfrute de una vivienda digna.

Avanza en competencias

Reconocer derechos

- 1 Obtén con un compañero o compañera un ejemplar de la Constitución española. Buscáde no seu articulado cinco dereitos e liberdades recoñecidos á cidadanía e explicáde por que son importantes.

Practicar valores democráticos

- 2 Compara o sistema político do Estado español co dos estados democráticos que estudaches. Que trazos destes sistemas se aprecian na epígrafe 1.1, o sistema político español?

Participar na aprendizaxe

- 3 Segundo a Constitución de 1978:
 - a) En quen reside a soberanía nacional?
 - b) Como se reparten os poderes do Estado?
- 4 Le os artigos 67, 68 e 69 da Constitución española. A continuación, fai un resumo das características do Congreso dos Deputados e do Senado: composición, forma de elección dos congresistas e senadores, etc.

2 A organización territorial de España

Os Estados organizan o seu territorio en diferentes divisións administrativas. En **España**, estas divisións foron establecidas pola Constitución de 1978, e forman a administración local e a administración autonómica ou rexional.

2.1 A administración local

■ O **municipio** é a entidade territorial básica do Estado español. O seu número supera os 8 000, e a súa función é prestarlle servizos aos veciños.

O goberno e a administración municipal corresponden ao **Concello**. Este está integrado polos **concelleiros**, elixidos polos veciños do municipio por sufraxio universal; e o **alcalde**, que é elixido polos concelleiros. Nalgúns territorios existen divisións administrativas menores que o municipio, case dos parroquias galegas e asturianas; e **mancomunidades**, ou asociacións de varios municipios.

■ A **provincia** é unha entidade territorial formada por unha agrupación de municipios. O seu número é de 50, e cada unha ten unha cidade como capital. A función das provincias é fomentar os intereses provinciais, prestar servizos de ámbito provincial e cooperar cos municipios.

O goberno e a administración provincial corresponden á **Deputación provincial**. Está integrada por deputados, escollidos entre os concelleiros electos da provincia; e un presidente, elixido polos deputados. As comunidades autónomas uniprovinciais carecen de Deputación. O País Vasco e Navarra están gobernadas por Deputacións forais, con competencias forais; e **Xuntas Xerais**, que teñen poder lexislativo.

■ Nas illas **Baleares** e **Canarias** cada illa ten a súa propia administración. En Baleares exerce os Consellos insulares, que teñen, entre outras, as competencias correspondentes ás Deputacións provinciais. En Canarias exerce os Cabidos insulares.

2.2 A administración autonómica

A **comunidade autónoma** é unha entidade territorial formada por provincias limítrofes ou territorios insulares. O seu número é de 17, e a súa capital está nunha cidade da comunidade; ou alterna entre dúas cidades, caso de Canarias. A función das comunidades é autogobernarse nos asuntos da súa competencia.

O goberno autonómico está en mans do **Consello de Goberno**, integrado por un presidente ou presidenta e varios conselleiros. E a elaboración das leis corresponde ao **Parlamento autonómico**, elixido por votación cada catro anos polos habitantes da comunidade.

Ceuta e **Melilla** son cidades autónomas. Teñen competencias maiores que as dun municipio, pero inferiores ás dunha comunidade autónoma.

Constitución española



O Estado español réxese por un conxunto de leis e de normas que están recollidas na Constitución de 1978. Nela establece a organización político-administrativa.

Avanza en competencias

Organizar información

1 Completa no teu caderno un cadro resumo sobre os municipios e as provincias.

Debe ler estas entradas: definición, función e goberno.

Participar na aprendizaxe

2 Entra na páxina web da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Infórmate sobre a súa estrutura e as súas funcións.

<http://www.femp.es>



Organización do territorio

Municipios



Concello de Pontevedra.

A Administración local conta con funcionarios propios (policía local, corpo de bombeiros, etc.), e presta á cidadanía unha serie de servizos, como recollida de lixo, rede de sumidoiros, limpeza das ruas, mantemento de parques e xardíns, etc. Para custear os devanditos servizos, recada os seus propios impostos.

Provincias



Deputación Foral de Bizkaia.

A Constitución de 1978 encomenda o goberno e a administración das provincias ás Deputacións ou a outras corporacións, como os Cabidos e os Consellos das illas. Estas institucións prestan servizos públicos de carácter supramunicipal. Para iso, recadan taxas e contribucións especiais.

Comunidades autónomas

Organización territorial do Estado español: provincias e comunidades autónomas

Capitais ou sede das institucións autonómicas

0 100 200 300 km



Traballar con mapas

3 Con axuda do mapa superior, nomea comunidades autónomas compostas por unha, dúas, tres, catro e cinco provincias. Escribe tamén os nomes das provincias.

4 Consigue un mapa político mudo coa división provincial e autonómica. Localiza nel: a) As provincias de España e as súas capitais. b) As comunidades autónomas e a súa capital, ou a cidade onde residen algunhas das súas institucións autonómicas. c) O nome de todas as illas de Baleares e Canarias.